

Un conto de libros?

Relato colectivo de 2º A para o Día do Libro

Estaba sentada na casa vendo o vello mapa do tesouro, cando lembrei a fascinante novela de Robert Louis Stevenson: *A illa do tesouro*. Non lembraba cantos recordos, historias e aventuras tiña aquel libro. Só de pensalo pónseme a pel de punta. Esa mesma tarde de outono decidín subir ao faiado a buscar a novela para volver a lela. Cada liña, cada palabra lembrábanme todas as veces que desexei ser protagonista desta. Nunca desexara algo daquela maneira.

Desde ese momento decidín empezar a miña propia aventura e por fin poderme sentir protagonista dunha historia que marcou a miña vida. O primeiro que se me veu á cabeza foi aquela ferverza; pero non podía emprender esta aventura eu soa, así que antes de marchar cara a ferverza fun avisar aos meus grandes amigos: Daniel e Miriam. Eles miráronme con inseguridade cando lles contei a miña idea, pero, obviamente, accederon a acompañarme.

Ao día seguinte, xunto con Daniel e Miriam emprendín a viaxe cara a ferverza tan misteriosa e que penso que esconde algo no seu interior. Ao pouco tempo de comezar a viaxe xa empezamos a escoitar ruídos estraños polo camiño. Tiñamos a sensación de que alguén nos seguía... Canto máis preto estabamos da ferverza os ruídos aumentaron e vin aos meus amigos asustados, polo que decidín convencelos dicíndolles que eran uns paxaros e que non nos pasaría absolutamente nada.

Seguimos o camiño tranquilos, aínda que un pouco nerviosos por aqueles ruídos que nos aterrorizaban. Ao pouco tempo de andar notamos algunha que outra presenza por detrás nosa. Eu xa non sabía como tranquilizalos. Isto comezaba a asustarme a min tamén. Aínda que notabamos a presenza, seguimos adiante, pero paramos a comer algo, porque xa era moito camiño seguido sen parar. Xa todos notabamos algunha presenza. Cando chegamos á ferverza os ruídos eran moito máis fortes. Empezamos a buscar e atopamos unha entrada á ferverza. Semellaba unha cova, pero tiña moitas pedras tiradas no chan.

Pensamos en saír de alí, pero o ruído acercábase cada vez máis, así que seguimos camiñando. Chegamos ao medio da cova e de repente apareceu un grande animal cunhas poutas xigantes e cunha boca que lle ocupaba case toda a cara. Saín o máis rápido posible. Cando cheguei fóra deime conta de que aínda había moitos máis animais. Empecei a correr e xusto cando tiña un daqueles ferozes animais enriba tropecei cunha pedra e caín. Xirei e puiden apreciar a noite estrelada que estaba a espertar. Segundo ían pasando os segundos viñan lembranzas á miña mente: os primeiros

Un conto de libros?

Relato colectivo de 2º A para o Día do Libro

pasos, as vacacións, os meus namorados... Cando parecía que a noite íame vir enriba sen ver a lúa pasou algo que cambiou a miña vida.

Ao tropezar coa pedra dera un golpe con algo que sobresaía do chan. Era a entrada a un pasadizo segredo que chegaba ata unha casa debaixo da terra. Non era unha casa grande nin pequena. Tiña pouca luz debido a que era subterránea. O primeiro que atopei foi unha pequena sala cun sofá de coiro negro no que estaba sentado alguén.

Xamais pensei que aquela persoa ía ser importante para min. Quedei abraiada ao ver a miña avoa preparando a cea. Non o podía crer! A miña avoa morrera xa facía un ano. Ela miroume e comezou a chorar mentres eu corría a abrazala. Nese momento sentín coma se estivese na casa, neses momentos nos que ía á casa da avoa e pasabamolo tempo xuntas.

A avoa invitoume a cear, e tamén a Daniel e Miriam. Estivemos falando case toda a noite. Despois marchamos correndo para non topar os animais que vira antes. Cando cheguei á casa comecei a contarlle todo a miña nai. Non me creeu.

Uns días despois volvín, pero non puíden entrar na casa porque o pasadizo desaparecera...

Alumnado de 2 A de ESO